

O traballo xornalístico de Eduardo Blanco Amor en América: a divulgación da cultura galega nas páxinas de *La Nación*

Xosé López García y Marta Pérez Pereiro¹

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega no seu labor de recuperación da memoria histórica do xornalismo galego, traballa no estudio da obra dalgúns dos nosos máis destacados devanceiros que exerceron como profesionais nos medios de comunicación colectivos. Un deles, aínda que máis coñecido coma escritor, é Eduardo Blanco-Amor, autor de novelas cruciais para a literatura galega como *A Esmorga* ou *Xente ao lonxe* e obra en castelán na que poden destacarse *La catedral y el niño* e *Las buenas maneras*. Se ben mantivo unha actividade constante como xornalista, que foi o seu medio de vida fundamental, existen escasos intentos de compilación dos seus traballos nos periódicos.² Estes esforzos son ata o de agora nulos no caso do seu traballo como reporteiro en América.

Emigrado ós 21 anos, no ano 1919, Blanco-Amor chega a Bos Aires coa única experiencia como xornalista na redacción do xornal ourensán *El Diario de Orense*. O seu biógrafo, Gonzalo Allegue, apunta que o mozo Blanco-Amor exercía de “amanuense” no medio, mentres que el mesmo sostíña, en entrevistas moitas décadas despois, que traballaba como xornalista e asinaba co alume de “Herminia Hernández”.

Conta, polo tanto, cunha pequena experiencia na profesión, o que o anima a participar en distintos medios da comunidade galega na Arxentina, e, posteriormente, en xornais americanos. Para falarmos da súa traxectoria como xornalista ten sentido facermos un percorrido histórico-cronolóxico por ela, xa que os distintos acontecementos políticos en España determinan en boa medida o tipo de traballo que realizará para uns e outros medios, ademais do acceso ós mesmos. Porén, podemos dividir a súa actividade como periodista fundamentalmente en tres etapas:

Unha primeira etapa que abrangue o período dende a súa chegada a Bos Aires

ata a Guerra Civil, que operará o seu cambio de condición: de emigrante pasa a se converter nun exiliado. Nestas primeiras décadas, Eduardo Blanco Amor concentra a súa actividade nos medios da comunidade galega en Bos Aires, non só como colaborador habitual, senón tamén exercendo cargos de responsabilidade nos xornais e participando activamente na fundación de distintos proxectos. Por outra banda, o escritor comeza a formar parte da nómina de colaboradores de *La Nación*. Podemos dexergar o seu traballo no diario dos Mitre en dúas etapas, das que falaremos máis amplamente a seguir: 1925-1932, período no que arrincan as súas colaboración e traballa como correspondente en España entre os anos 1928 e 1929; e 1932-1935, que coincide coa segunda estada como correspondente do xornal en España.

A segunda etapa vai dende o 1936 ata os anos 60, concretamente o ano 1965, no que fixa a súa residencia definitiva en Galicia. A súa condición de exiliado dificulta a súa participación en determinados proxectos xornalísticos, tanto da comunidade galega, como no propio *La Nación*, que adopta unha posición ambigua en relación ao conflito bélico en España. Por isto, e polas continuas viaxes que debeñen da diversificación da súa actividade profesional, comeza a colaborar con outros xornais americanos como *La Hora* e *El Mercurio*, en Chile, e *El Nacional* e *El Universal* en Venezuela.

Finalmente, o retorno a Galicia, onde fixa a súa residencia definitiva no ano 1965, constitúe a última etapa de traballo nos medios de Blanco Amor. Nestes anos escribe de maneira esporádica para xornais como

El País, *La Vanguardia*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou *La Región*. Nesta etapa o xornalismo é para o autor un medio de subsistencia, co que manterse e poder escribir literatura.

O traballo nos medios galegos en Argentina

Eduardo Blanco Amor desenvolve unha actividade case que frenética como xornalista nos anos vinte e primeira metade dos trinta nas diferentes empresas galegas radicadas na Arxentina. Trátase dunha actividade eminentemente política, xa que o autor emprega os medios para defender Galicia e o seu ideario, que vai evolucionando conforme se producen acontecementos cruciais para a historia galega. As súas primeiras publicacións son na revista *Acción Gallega*, pero están constituídas, fundamentalmente, por poemas e colaboracións literarias. No ano 1921 é nomeado director das páxinas literarias do *Correo de Galicia*, medio con certo pasado galeguista no que inicia unha serie de artigos sobre os poetas galegos. Estes traballos inaugurais na prensa galega fan que Blanco Amor aumente a súa experiencia na profesión, que aproveita cando funda, xunto con Ramilo Illa Couto, a revista galeguista *Terra*, que se constitúe como o voceiro da “Irmandade Nazionalista Galega”, representante do ideario político de Vicente Risco. *Terra* foi, ademais, a primeira revista escrita por completo en galego na emigración arxentina. Neste primeiro momento profesional, Blanco Amor identifícase por completo coa tese nacionalista risquiá, que aprendera nos parladoiros co mestre en Ourense e ía espallar a América, pero a súa ideoloxía, tal e como indica o profesor Núñez Seixas[2] vai evolucionando cara ó republicanismo, primeiro concibido como un galeguismo republicano e, a partir de 1931, como populismo galeguista de esquerdas. En concreto, os órganos da Federación das Sociedades Galegas, *El Despertar Gallego*, que pasará ser posteriormente *Galicia*, son lugares privilexiados para esta misión. O xornalista dirixe a primeira destas publicacións dende 1926 deica a súa desaparición en 1930. En *El Despertar Gallego* mantén a liña editorial “na defensa da ‘democracia republicana’, contra a degradación de Primo de Rivera (...), amosando a súa solidariedade coa pobos ibero-americanos, ameazados polo xigante norteamericano, ou apoiando as loitas das clases populares arxentinas, dentro dun internacionalismo socializante que fala na

linguaxe dos socialistas utópicos, máis que na vertente marxista”.³ Estes ideais mantéñense en *Galicia*, na que traballa ata o ano 1950, dirixindo a súa liña nos momentos máis duros, e defendendo a unidade indisoluble das causas republicana e autonomista, os temas máis recorrentes dos seus artigos e editoriais.⁴ Ademais do seu traballo neste xornal, colabora na *Fouce* e *Alborada*, ó tempo que desenvolve unha actividade frenética como voluntario a favor da República, en calquera dos actos nos que se precisara da súa axuda. Inicia, asemade, unha breve actividade diplomática cando é nomeado vicecónsul en Bos Aires. Posteriormente, recibe o cargo de cónsul da República en Mendoza, co que abre esta nova fronte de combate que compaxina coa escrita na prensa, tanto galega coma arxentina. Esta actividade nos medios da comunidade galega non estará exenta de problemas. As loitas internas polo control da federación fan que sexa expulsado da mesma en 1928 e impiden, ademais, que escriba nas páxinas de *El Despertar*. Será rehabilitado cando, xunto con outros intelectuais e forzas políticas, se integra na ORGA (Organización Galega Republicana Autónoma) que financia o 20% do custe da publicación. O traballo no seo da comunidade galega, polo tanto, non sempre é ben comprendido polo conxunto dos emigrantes. Isto fai que Blanco Amor se identifique plenamente coa consideración que Celso Emilio Ferreiro ten dun grupo dos galegos de Venezuela: “¿Quen era esa Galicia emigrante? Unha minoría que loitaba aillada comparado coa gran marea da emigración, unha minoría que facía ás veces milagres para manter o lume entre centos de ananos e as masas indiferentes ou manipuladas (...). É certo que non todos os emigrantes son ananos, claro que non, pero a meirande parte endexamais fixo nada para apoiar ou merecer o grande esforzo dos que alá loitaron por dignificar unha terra e unha cultura diante do mundo. Estou totalmente de acordo coa idea básica do libro de Celso Emilio Ferreiro e teño, pola miña banda, unha longa experiencia detrás chea de historia significativas”.⁵ **A entrada en *La Nación*** É precisamente para estes “ananos” para os que emprende boa parte do seu traballo no xornalismo: para dignificar a figura do

emigrante galego, que daquela “era una especie de primera persona después de nadie. Era un ser estigmatizado de tal manera que cuando se quería insultar o menospreciar a un español, se le decía gallego”.⁶ Blanco Amor vive unha contradicción constante entre os ambientes que frecuenta: se ben alterna coa alta burguesía bonaerense, na que ten aspiracións de integrarse, tamén convive coa base popular da emigración galega. Nesta esquizofrenia, como indica Luís Álvarez Pousa, desenvolve unha “cuase obsesiva maneira de incrementar o nivel de concienciación entre os emigrados, mesmo acentuando as súas contradicións e provocando conflitos que sempre acaban rebotando na súa persoa”.⁷ Ademais de poñer en funcionamento diversas empresas no seo da colectividade emigrante e participar nos máis diversos actos culturais, outra das vías de dignificación dos galegos na Arxentina foi a entrada como correspondente e colaborador no diario bonaerense *La Nación*.

Accede a este medio o ano 1925, gracias ó recoñecemento da súa actividade cultural nos medios galegos e da man de dous valedores: dunha banda, conta co apoio do dramaturgo García Velloso, con quen o autor establecera un contacto nos parladoiros do Café Armonía; doutra, co do responsable de *La Nación* en España, o colombiano Sanín Cano, a quen entevistara para o *Correo de Galicia*.

Ademais do seu compromiso de demostrar que os galegos non eran simplemente forza de traballo intercambiable, a divulgación e o traballo “misional” en *La Nación*, tal e como o denomina Álvarez Pousa, obedece a dous obxectivos máis; Blanco Amor escribe “para esa gente que no irá jamás y que llora y se emociona con un verso de Rosalía o una estrofa de Curros (...)”⁸. Traballa, polo tanto, neste equilibrio inestable entre a dignificación dun colectivo ós ollos do seu país de acollida e o desexo de que este mesmo grupo contribúa, dende o coñecemento da súa herdanza, á destrución do estereotipo que pesa sobre el.

Podemos apuntar aínda unha terceira dirección no traballo de prensa do autor en *La Nación*. Como emigrante, o propio Blanco Amor precisa recuperar as orixes, o soño da infancia no que incidirá con tanta frecuencia,

e, como autor literario que está na procura dun espazo, dunha linguaxe, o traballo de investigación cultural que desenvolve para o diario é de grande importancia. Ademais, Bos Aires provócalle a Blanco Amor unha sensación alienante, de desmembramento. De feito, el mesmo describía a cidade cunha imaxe moi poderosa, como “una máquina de moler café, de la cual se sale fatalmente hecho polvo”⁹. A imaxe de Galicia que retén dende a xuventude e vai recuperando nas súas viaxes servía como unha protección que lle permitirá non entrar nese muíño e desfacerse.

En definitiva, Eduardo pon en funcionamento o que deu en chamar o “principio da saudade activa”,¹⁰ que o impulsa a traballar para a colectividade galega cando, como “escritor civil” que era, tal e como sostén Xavier Carro,¹¹ puidera ter optado por escribir sobre a cidade ou seguir a liña que fixara co seu relato inacabado *A escadeira de Jacob*.

Correspondente en España. Dez anos despois

A misión de Blanco Amor para *La Nación* será a de exercer como correspondente en España, como enviado de excepción que levaba dez anos sen volver ó país de orixe. É por iso que Blanco Amor desenvolve unha especie de saudade *in praesentia*, xa que está en Galicia cando escribe esas descricións ideais que transmite no xornalismo arxentino, que, dende logo, contrastan co mundo descrito na súa actividade literaria, na que se revela o universo de Auria, por exemplo, cunha “visión dura e crítica (...), pero non caprichosa, senón realista e sobria”¹².

Despois de tres anos de colaboración constante en Bos Aires, o escritor é enviado como correspondente a España en dous períodos que, malia non estar moi afastados no tempo, poden dividirse na produción de Blanco Amor en dúas etapas ben diferenciadas. En primeiro lugar, exerce como correspondente de *La Nación* entre os anos 1928 e 1929. Nesta primeira estada, e nos anos anteriores na Arxentina, hai unha clara preferencia polos temas culturais e históricos de Galicia.

A súa segunda, e derradeira, viaxe como correspondente a España faina entre os anos 1933 e 1935, nos que a situación política e social é moi distinta da que atopara nos anos precedentes. Esta realidade transmítese nos seus escritos para *La Nación*, que deixan de ser culturais para se transformar en artigos de opinión política. Neles escribe sobre o movemento autonomista en Galicia, sobre a República española e sobre o clima de alta conflictividade social que deriva na guerra que o convirte nun exiliado. O contido político contrasta coas crónicas sobre cultura española que tamén aparecen nas páxinas dominicais do diario, -El Greco, escultura española, os patios de Toledo...- e que son froito das chamadas de atención que recibe por parte da directiva, que lle recomenda que “poña un coidado exquisito en non molestar o ideario político conservador dos lectores de *La Nación*”.¹³ Tamén colabora con textos literarios, relatos curtos que serán compilados como *Cuentos de la ciudad*, nos que describe as clases sociais de Bos Aires coa súa ironía característica e se atreve con tramas policiais e psicolóxicas.

A seguir, prestaremos atencións ás crónicas e artigos en profundidade que fan referencia explícita a Galicia, aqueles nos que se nota a “intención seductora de Eduardo Blanco Amor, tanto para convencer sobre a singularidade e a riqueza cultural que suibxace na personalidade e na obra dos clásicos galegos, como para persuadir a propios – os da comunidade de emigrados extraños – a clase ascendente da ilustrada e cosmopolita Bos Aires- de estaren asistindo a un outro parto de gran calado sociocultural”.¹⁴

A divulgación da cultura galega

Dende que desembarca do “Werra” no porto de Vigo, Blanco Amor inicia un periplo por toda Galicia na procura de material para as súas crónicas. En calquera medio de transporte, e sempre acompañado da súa Kodak, -coa que tira as fotos que ilustran os seus traballos-, o escritor desenvolve nas súas crónicas de viaxes e mini-ensaos sobre temas culturais un estilo persoal e unha coidadosa labor de investigación. Cada un destes escritos vai debullando as súas ideas

sobre orixe, vixencia e necesidades da cultura galega. Os artigos sobre artistas galegos son un espacio preferente dentro do seu traballo xornalístico para ir filtrando o seu ideario.

Un dos artigos máis reveladores é “Alfonso Castelao. Dibujante y escritor humorista” (15/06/1930). Neste escrito propugna a necesidade dun “pangalleguismo” que “no quiere significar un aislarse con hosquedad estéril dentro de lo comarcano y de lo regional”, xa que “en la conciencia de sus jóvenes está incrustada la firme voluntad de no sentirla, estéticamente, ligada a un criterio de región o comarca tal como lo enuncia, sin ir más lejos, Ortega y Gasset”. Blanco Amor, seguindo a teses nacionalistas do seu mestre Vicente Risco, propón volver os ollos a Europa, fuxindo dun “cierto imperialismo intelectual, frente al que Galicia levantó, desde los ‘precursores’ en el siglo pasado, una picuda e irreductible rebeldía que ha de salvarla (...)”. Propugna, tamén no seguimento das premisas risquianas, a necesidade de Galicia de se identificar co mar que a separa do resto de nacións celtas: “Alegría sin esfuerzo, risa de muchacha deportiva frente a horizontes juminosos como dientes sanos: atlantismo”.¹⁵

Para dar unha idea desta ascendencia cultural, Blanco Amor fai unha arqueoloxía das artes galega, concedendo unha atención especial á expresión literaria. Isto dá lugar a unha serie de artigos sobre os precursores que van aparecendo en sucesivas entregas dos “Domingos de La Nación”. Así mesmo, desenvolve un importante traballo de investigación no artigo “Lírica gallega. Los cancioneros galaico-portugueses” (18/11/1934), no que transmite a súa conciencia do rigor xornalístico: “Dentro de las limitaciones y forma y espacio a que obliga un trabajo periodístico, no he escatimado esfuerzos para procurar que sea lo más completo – de un modo documental, ya que no interpretativo que se haya escrito desde el ángulo de nuestro tiempo, tanto como es la primera vez que el tema se trata en lengua castellana”.

Tamén presta especial atención ás manifestacións das artes plásticas galegas, en especial dos artistas do momento que poden ser coñecidos na Arxentina. Así, referencia “Una exposición de arte gallego en Buenos

Aires” (28/07/1929), ou aproveita para difundir o traballo de artistas coma “Santiago Bonome, escultor gallego” (3/11/1929) e Asorey en “Divagación y paráfrasis. Sobre el escultor Asorey” (9/06/1929). Estes textos, entre outros, serven tamén para difundir as súas consideracións sobre cultura galega. Blanco Amor defende que non se estableza unha academia galega, xa que “los profesores impuestos por sistemas burocráticos de ministerio habían de ser fatalmente, y una experiencia tristísima en otras actividades del espíritu abona esta afirmación, personas ajenas al asunto y al país, que emprenderían esterilizante desregionalización que un estado centralista, poco o nada comprensivo, ha llevado a cabo durante siglos y que de no haber medido la generosa réplica que suponen estos movimientos autónomos, habrían terminado por hacer de España un conjunto híbrido y desmembrado, sin carácter ni interés”.

Outra das reflexións que fai sobre arte galega era un tema de total actualidade, a expresión enxebre das artes plásticas. Para Blanco Amor, aínda que nunca o puxera e práctica, o enxebre é un específico galego, diferente do típico e do castizo pola súa condición de espiral creativa, non de círculo sen posibilidade de avance. Galicia, “un pueblo que trabaja en el desescombro de si mismo”[16], precisa da ética dos seus creadores, porque aínda non pode permitirse, como sucede noutras nacións, “el lujo de las modas y de los malabarismos teóricos”.¹⁶

A paisaxe, que relaciona directamente coa produción artística,¹⁷ e a tradición popular ocupan boa parte das súas reflexións nos artigos sobre Galicia. Algúns dos títulos das súas colaboracións resultan tan elocuentes como “Romerías gallegas” ou “San Andrés de lejos”. Neles procura demostrar a especificidade das tradicións galegas, mostrándoas ós lectores de *La Nación* como sucesos maravillosos, ilustrándoos con cantigas populares, acontecementos históricos e referencias a outras culturas europeas. Estes mesmos recursos emprégaos cando fala da Alhambra, dos patios de Toledo, dos romances de cego cantados nas prazas de toda España ou do barrio chino de Barcelona. Blanco Amor fuxe do tipismo, dándolle trascendencia ós retratos do popular poñéndoos en relación coas artes canónicas.

Así, para falar da romaxe a San Andrés, cita os cultos celtas, ou sintercala poemas súfis e suras do *Corán* para falar das fontes de Granada.

Podemos falar, no seu traballo xornalístico dun respecto exquisito pola tradición, o que non impide que divirta ó lector coa mesma ironía que demostra coma literato. Non percibimos, sen embargo, o distanciamento do que fala Xavier Carro en relación á súa obra literaria. O Blanco Amor xornalista – que é, por outra banda, un Blanco Amor que escribe artigos e reportaxes vinte anos antes que *A Esmorga-*, non é un narrador omnisciente, senón un personaxe máis da trama, unha persoa que, case coma un Hitchcock literario (máis delgado, por suposto, non soportaría a comparación) se mestura entre as xentes que retrata. A implicación do autor nas súas crónicas é total en dous traballos de especial relevo: “Escenas de pesca en la costa galaico-portuguesa” (7/04/1929) e “Seis días en el mar. Escenas de pesca en la costa galaico-portuguesa” (17/03/1929). Para escribilos, Blanco Amor decide vivir a experiencia, varias décadas antes de que os xornalistas americanos iniciaran unha corrente que eles mesmos deron en chamar “New Journalism” e que defendía unha posición case protagónica do escritor nos acontecementos que describe. O autor relátao do seguinte xeito: “Por aquel entón fixen a miña primeira experiencia do mar. Era un mes de novembro de moi mal tempo e embarqueime no “‘Norita’, matrícula de Baiona, e alá fun baixo o patronato pesqueiro do tío Nartallo ‘O Puto’, de sesenta anos. ‘Puto’ quere dicir na linguaxe usual de aquela xente ‘listo’, ‘agudo’, ‘asisado’, deses que son capaces de albiscar a pesca como ao tacto. No outro extremo do rol figuraba Pepiño, rapaz de abordo, que por ahí tería uns trece anos. Algúns dos compañeiros de aquela xeira, moi poucos meses despois de embarcados nun pesqueiro de Bouzas, morreron afogados”.¹⁸ Estas crónicas literarias son expresión do mellor xornalismo escrito por Blanco Amor en *La Nación*. O director do diario, Leopoldo Lugones, felicítouno con gran cumprimento: as súas crónicas cheiraban a sardiña. Ampliará este tema na seguinte viaxe que fai a Galicia no artigo en profundidade “Glosa del mar

habitado” (9/12/1934), no que visita a lonxa do Berbés e completa para os seus lectores toda o proceso da pesca e venda do peixe en Galicia. Dende o inicio da Guerra Civil, Blanco Amor terá un espacio cada vez máis limitado nas páxinas de *La Nación*. A falta de coincidencia ideolóxica será o motivo determinante desta situación. Cada vez con máis frecuencia ve como lle rexeitan artigos sobre teatro ou García Lorca e ten que buscar novos horizontes xornalísticos. Atoparaos noutros países americanos, como Chile, onde colabora con *La Hora* e publica o volume *Chile a la vista*, ou Venezuela, onde toma parte nas actividades da colectividade galega e escribe para *El Nacional* e *El Universal*.

Conclusión

O labor de Eduardo Blanco Amor a favor da cultura galega traspassa os lindes difusos da actividade das agrupacións de emigrantes, onde o seu traballo non sempre foi ben acollido. Neste sentido, as páxinas de *La Nación* serán a caixa de resonancia perfecta para que, tanto a arxentinos coma a galegos, lles sexa imposible eludir a cultura galega.

A aparición de ritos, artistas e xeografía galega nun dos medios máis prestixiosos de América é un impulso incontestable para o desenvolvemento dunha identidade colectiva, que ve reflectida nun espacio comunicativo habitual parte dos seus elementos definitorios.

Como parte desta actividade en certa medida propagandística, Blanco Amor escribe crónicas cunha visión certamente positiva de Galicia, nas que se amosa unha gran confianza no futuro da cultura galega, debido, fundamentalmente, á fortaleza dos seus alicerces. Os seguintes relatos sobre Galicia que podemos ler xa son literarios e, dende logo, menos luminosos que estas crónicas, tinguidas de entusiasmo, o mesmo entusiasmo que Blanco Amor sentira polos anos da República española: “(...) fueron los años más esperanzados, luminosos, fecundos y fácilmente profetizables que pueblo alguno haya vivido. Las artes, las letras, la cultural en general, la decencia humana y la creencia alucinada, en la Patria fueron los ingredientes de aquel instante, más allá de las macilentas y adormecidas asignaciones que suelen darse a estas palabras”.¹⁹

Bibliografía

Allegue, Gonzalo: *Eduardo Blanco-Amor (biografía)*. *Diante dun xuíz ausente*, Nigra, Vigo, 1993

Araújo García, M^a Teresa: *Eduardo Blanco-Amor e Santiago de Compostela. O tema compostelano no labor xornalístico dun emigrante*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 1995

Calvo, Tucho: “O periodismo no escritor” en *Homenaxe a Blanco-Amor*, Concello de Redondela, Xerais, 1981

Calvo, Tucho: *Valentín Paz-Andrade, a memoria dun século*, Edicións do Castro, Sada, 1998

Carro, Xavier: *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo, Galaxia, 1993

Casares, Carlos: “Entrevista con Eduardo Blanco Amor”, Vigo, *Grial*, n^o 41

F. Freixanes, Víctor: *Unha ducia de galegos*, Editorial Galaxia, Vigo, 1982

Lorenzana, Salvador: “Homenaxe a un escritor: perfil biobibliográfico de Eduardo Blanco-Amor”, *Grial*, n^o 67, 1980, pp.37-47

Lueiro Rey, Manuel: “Blanco Amor, o bo... Blanco Amor o malo”, *Letra, terra e herdade. Eduardo Blanco Amor*, A Nosa Terra, Vigo, 1993, p.58.

Neira Vilas, Xosé: *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*, Edicións do Castro, Sada, 1995

Núñez Seixas, X. M.: “Eduardo Blanco-Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderato étnico e galeguismo”, *Grial*, Vigo, n^o 108, (ano 1990)

Pérez Prado, Antonio: “Meus dous amigos desencontrados”, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, n^o 660, 1993, pp.20-22

Pérez Rodríguez, Luis: *Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos*, Editorial Galaxia, Vigo, 1993

Pérez, Luís: “As Américas de Blanco Amor”, *Creatividade cultural en la Galicia exterior*, Xunta de Galicia, Compostela, 1998

Riera Llorca, V.; Manent, A.; Ugalde, M.; Martínez López, R.: *El exilio español de 1939. Cataluña, Euzkadi, Galicia*, Vol. 6, Taurus, Madrid, 1976

Riveiro Espasandín: “Eduardo Blanco-Amor xornalista”, *Eduardo Blanco-Amor (1897-1979)*, Día das Letras Galegas 1993, Xunta de Galicia, 1993

Ruiz de Ojeda, Victoria A.(ed.): *Entrevistas con Blanco-Amor*, Nigra, Vigo, 1994 *Sesenta anos despois. Os escritores do exilio republicano. Actas do congreso internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela (16, 17 e 18 de marzo de 1999)*, Edicións do Castro, Sada, 1999.

Tarrío Varela, Anxo: *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco-Amor*, Ed. Galaxia, Vigo 1993

VVAA: *Letra, terra e herdade. Eduardo Blanco Amor*, A Nosa Terra, Vigo, 1993

VVAA: *Xornadas Eduardo Blanco-Amor*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997

¹ Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega

² As excepcións: as edicións de artigos de *La Región* e *La Voz de Galicia*.

³ Riveiro Espasandín, X.: “Eduardo Blanco-Amor xornalista”, en: *Eduardo Blanco Amor (1897-1979)*, Día das Letras Galegas 1993, Xunta de Galicia, 1993, pp. 33-34.

⁴ Moitos destes últimos teñen títulos que revelan de xeito elocuente o ton dos seus escritos: “¡Asesinos de España!” (16/07/1936), “La mentira nazifascista” (17/01/37) OU “Nuestra profunda confianza en la Argentina” (29/11/36).

⁵ En: Fernández Freixanes, Víctor: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982, p. 96.

⁶ Ruiz de Ojeda, Victoria A. (ed.): *Entrevistas con Blanco-Amor*, Vigo, Nigra, 1994, p. 37.

⁷ En: Calvo, T.: “O periodismo no escritor”, *Homenaxe a Blanco-Amor*, Concello de Redondela, Xerais, 1981, p. 33-34.

⁸ En: Calvo, T.: “O periodismo no escritor”, *Homenaxe a Blanco-Amor*, Concello de Redondela, Xerais, 1981, p. 33-34.

⁹ Op. Cit. Ruiz de Ojeda, p. 30.

¹⁰ Blanco Amor describía así este principio: “Cuando llegué a Argentina me empeñé y escribí bastante sobre esto: que había que estructurar el sentimiento de saudade como una energética del espíritu. Es decir, si la saudade es la *nostoi*, es el sentimiento de morriña, del paraíso perdido en la Tierra, eso hay que estructurarlo en una acción por Galicia”. En: Op. Cit. Ruiz de Ojeda, p. 114

¹¹ Op. Cit. Carro, p. 96.

¹² Op. Cit. Carro, p. 96.

¹³ Allegue, G.: *Eduardo Blanco-Amor, diante dum xuíz ausente*, Vigo, Nigra, 1993, p. 130.

¹⁴ Op. Cit. Álvarez Pousa, p. 4.

¹⁵ “La Coruña de los cristales”, (3/12/1933)

¹⁶ “Alfonso Castelao. Dibujante y escritor humorista” (15/06/1930)

¹⁷ “Más que un producto libre de la fantasía,

es el arte renaciente, en Galicia, una constante y voluntaria sumisión al paisaje”, en “Elementos del arte gallego. El paisaje” (6/05/1928).

¹⁸ Casares, Carlos: “Entrevista con Eduardo Blanco-Amor”, Vigo, *Grial*, nº 41, p. 339. Na memoria destes mariñeiros Blanco Amor escribiría o libro *Poema en catro tempos*.

¹⁹ Op. Cit. Casares, p. 46.